

## NOTA DE PRENSA

# O Grupo Cuevas factura 99,8 millóns e acada un récord histórico de vendas

- A compañía, que cumpre 150 anos no mercado, aumentou en 5,5 millóns a súa cifra de venda agregada en 2016, un 6% máis ca no exercicio anterior.
- A súa fortaleza e a súa sólida posición quedan reflectidas no novo teito histórico do resultado bruto de explotación (ebitda), que volve subir a dobre dígito (16%) e acada por vez primeira os 3 millóns de euros.
- Os investimentos totais creceron un 18% e superaron os 3,8 millóns o ano pasado, e as específicas do sector de alimentación disparáronse un 25%.
- As subministracións de provedores galegos representan o 42% das compras totais que realiza a compañía centenaria.
- A contratación indefinida e o emprego feminino gañan peso dentro do grupo.

### *5 de xullo de 2017*

A solidez, o crecemento, a expansión comercial, o cumprimento do plan estratéxico e o forte posicionamento de marca definen o recente exercicio económico do Grupo Cuevas, que se atopa en plena celebración do seu 150 Aniversario. En 2016, a cifra de venda agregada do grupo achegouse aos 100 millóns de euros, ao situarse en 99,8 millóns, un 5,81% máis ca no exercicio anterior.

O ebitda, que xa crecera un 52% en 2015, volveu a ter un acentuado protagonismo nas contas anuais. Por vez primeira na historia do grupo excede os 3 millóns de euros. En concreto, elévase a 3,07 millóns, despois de anotar outro crecemento interanual a dobre

díxito (15,6%). En dous anos -desde 2014-, o resultado bruto de explotación (ebitda) pasou de 1,75 millóns a 3,07 millóns, cun incremento acumulado do 75,43%.

O investimento total executado en 2016 nas diferentes liñas de negocio ascendeu a 3,81 millóns, un 17,75% máis ca no exercicio previo. En comparación co 2014, o caudal investidor disparouse un 159%, pola posta en marcha dun plan estratéxico que combina a ampliación e modernización de instalacións produtivas, a incorporación de novas tecnoloxías e o auxe da rede comercial.

A sociedade matriz, Ignacio de las Cuevas, liderou os investimentos cunha cifra próxima aos 2 millóns de euros. Tamén destacou o incremento en Cuevas & Cía., cunha subida do 122% en comparación co 2015. De media, os investimentos vinculados directamente á distribución alimentaria creceron un 25% no último ano.

A expansión de supermercados propios e franquías, o plan estratéxico da insignia Spar Express e a continuidade dos investimentos para a mellora e ampliación dos cash & carry, segmento de tradición e liderado para a compañía ourensá, permitiu novos incrementos na superficie comercial conxunta dos establecementos de todas as marcas e insignias. Así, o formato de supermercados sumou en 2016 outros 1.400 metros cadrados para situar a superficie total por enriba dos 10.000 metros cadrados; os Spar Express abertos durante este exercicio engadiron 2.085 metros cadrados máis; e os cash & carry reforzaron o seu posicionamento con 1.031 metros cadrados máis tras a ampliación das instalacións situadas en Monforte de Lemos. En total, a superficie total de salas de venda achégase ao 40 mil metros cadrados, con presenza nas catro provincias galegas.

### **Provedores locais**

O forte compromiso do Grupo Cuevas co territorio, coa contorna, coas economías locais, coa sociedade e coas familias queda reflectido na gran dimensión das compras a provedores de proximidade. As adquisicións a subministradores galegos representaron en 2016 o 42% do total das realizadas pola compañía. E dentro das compras a provedores de Galicia, o 31% foron pedidos despachados por firmas ourensás. É dicir, algo máis de catro de cada dez euros de gasto que executa o Grupo Cuevas correspóndese con compras efectuadas dentro da comunidade galega. E en cifras absolutas, o valor das compras efectuadas por Cuevas en Ourense e a provedores locais, durante 2016, ascendeu a 10 millóns de euros.

O conxunto e o perfil de empresas e profesionais que manteñen unha relación comercial estable e moi prolongada no tempo coa matriz ou coas outras sociedades dependentes de Ignacio de las Cuevas S.A., abarcan principalmente desde grupos empresariais de liderado no sector da agroalimentación ata pequenos produtores locais.

Mentres, Cuevas, o grupo de alimentación de máis rápido crecemento de Galicia, reforza en cada exercicio a súa contribución ao emprego estable. Coa mesma filosofía que aplica ao seu crecemento comercial ordenado e en harmonía co territorio ou á relación de

confianza con clientes e con provedores, a dimensión laboral constitúe outra das fortalezas da decana da distribución alimentaria en Galicia. A peche de 2016, o cadro de persoal estaba formado por 525 traballadores, cifra que tamén constitúe un máximo histórico nos 150 anos de percorrido do grupo familiar.

A contratación indefinida representa o 74,5% do total do grupo, acadando no caso de Tomóvil ao 100% do persoal. Sen a estacionalidade e eventualidade dalgunhas actividades empresariais, como o procesado de castaña, o cociente de contratación fixa excedería o 85%, nivel no que se atopa o cadro de persoal de sociedades como a matriz Ignacio de las Cuevas e Frunatur. En total, o emprego feminino ten un peso relativo do 57,9% , cociente que aumenta en Cuevas & Cía., onde acada unha proporción do 89%.

No pasado exercicio, o grupo destinou ao pago de impostos e a seguros sociais un total de 3,96 millóns de euros, cunha carga tributaria equiparable á do ano anterior.